

SÁBADO 28 DE SETEMBRO

20:30H.

AUDITORIO



GHOST HUNTING

DOC

RAED ANDONI

2017 | 98' | Palestina, Alemaña

Para afrontar as pantasma que o obsesionan, o director Raed Andoni decide construír unha réplica da prisión de Al-Moskobiya, o principal centro de interrogatorios de Israel. Axudado por ex-reclusos, tenta representar de novo a historia que tivo lugar tras as paredes do lugar.



Nado en Palestina en 1967, Raed Andoni comezou a súa carreira no cinema como produtor independente. Foi cofundador de Dar Films e produciu numerosos filmes no seu país.

SÁBADO 28 DE SETEMBRO

22:30H.

AUDITORIO



O CAIRO CONFIDENCIAL

FIC

TARIK SALEH

2017 | Suecia, Dinamarca, Exipto, Marrocos, Francia, Alemaña | 106'

Semanas antes da revolución exipcia de 2011 un oficial de policía do Cairo investiga o asasinato dunha famosa cantante no hotel Nile Hilton. O que inicialmente parece ser un crime pasional convértese en algo que concirne á elite do poder de Exipto.



Sueco de orixe exipcia, grafitero e director de longametraxes como "Metropia", "Tommy" e un recente episodio da serie "Westworld". Con este filme gañou os premios principais nos festivais de Sundance e Valladolid.

ORGANIZA:



Rianxo

Concello

COLABORAN:



Dr. Samir Sami Mátar

AMAL 19 EN RUTA

DO 25 AO 28 DE SETEMBRO

RIANXO

AUDITORIO
SALA ARCOS MOLDES



amalfestival.com

AMAL 19 EN RUTA

DO 25 AO 28 DE SETEMBRO
AUDITORIO
SALA ARCOS MOLDES

AMAL EN RUTA RIANXO é un resumo da última edición da Semana de Cinema Euroárabe. Consta de catro ficcións e dous documentais, que supoñen un percorrido polo mellor cinema árabe de actualidade.

O ciclo Amal en Ruta é un proxecto organizado polo concello de Rianxo e a 'Fundación Araganey - Puente de Culturas' para achegar a sociedade árabe a Galicia, rompendo cos estereotipos e ofrecendo unha visión ampla e multidimensional desta cultura tan heteroxénea.

Ninguén nace odiando a outra persoa pola cor da súa pel, a súa orixe ou a súa relixión. Nestes tempos no que o discurso do odio volve florecer, Amal é máis necesario que nunca.

GHALEB JABER MARTÍNEZ



MÉRCORES 25 DE SETEMBRO

21:00H.

AUDITORIO

ALMA MATER

PHILIPPE VAN LEEUW

2017 | Bélxica, Francia, O Líbano | 85'

FIC

Oum Yazan, nai de tres fillos, converteu o seu apartamento nun punto seguro para súa familia e os veciños que tratan de fuxir da guerra.



Director de cinema, guionista e cineasta belga. Debutou coa longametraxe "The Day God Walked Away" no ano 2009.



XOVES 26 DE SETEMBRO

21:00H.

AUDITORIO

ZAGROS

SAHIM OMAR KALIFA

2017 | Bélxica, Países Baixos | 102'

FIC

Zagros é un pastor que vive nunha aldea kurda coa súa esposa Havin e a súa filla. O seu pai dille que as persoas chismorreean acerca de Havin, pero Zagros négase a dar crédito aos rumores.



Nado en 1980 en Zakhō (Kurdistán Iraquí). En 2008 obtivo o seu máster en cinema na Sint-Lukas Film School da capital belga. Foi preseleccionado para os premios Óscar en dúas ocasións.



VENRES 27 DE SETEMBRO

20:30H.

AUDITORIO

OF FATHERS AND SONS

TALAL DERKI

2017 | Alemaña, O Líbano, Catar, Siria | 98'

DOC

Osama e Ayman adoran e admiran ao seu pai pero ambos queren tomar camiños diferentes. Talal Derki sedúcenos cunha historia que, a través do día a día de dous nenos, permítenos comprender a complexidade e a traxedia do conflito que vive Siria actualmente.



Naceu en Damasco, estudou Dirección de Cinema en Atenas e traballou como axudante de director en moitas producións de longametraxes. Tamén dirixiu distintos programas na Arab TV entre o ano 2009 e o 2011.



VENRES 27 DE SETEMBRO

22:30H.

AUDITORIO

SHEIKH JACKSON

AMR SALAMA

2017 | Exipto | 93'

FIC

A repentina morte de Michael Jackson fai que un antigo devoto do "Rei do Pop", - e agora novo imán -, caia en picado. Pero, que ten en común un imán exipcio con Michael Jackson?



Amr Salama é un brillante escritor e director cuxos méritos inclúen o premiado drama sobre a SIDA; "Asmaa" e a comedia "Excuse My French", que triunfou no equivalente dos Óscar en Exipto.